Agora Moraña

Coas Ideas **Claras**

bng
BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

Marcos Suárez

Queremos construir o futuro de Moraña, e queremos facelo contigo.

Sendo conscientes do moito que queda por facer e cambiar en Moraña, asumimos a responsabilidade de poñer en marcha un proxecto político novo.

Temos que deixar atrás o aburrimento, as rutinas, a pasividade, os complexos e o conformismo. Chegou o momento de activármonos, de crer nas nosas posibilidades e na capacidade da veciñanza de Moraña. Impulsaremos e apoiaremos as iniciativas que poden dar auxe ao noso concello.

En Moraña caben ideas propias e avanzadas, que rachen coas prácticas actuais de ir a remolque de todo. Temos a obriga de planificar o noso concello con perspectiva de futuro, coas ansias de mudar aquelas cousas que nos fagan avanzar cara unha mellor calidade de vida, con firmeza e con seriedade.

Temos retos por diante e traballo por facer, para crear un centro urbano agradable, ter parroquias nas que se poida vivir a gusto, fomentar a actividade cultural, crear alternativas para a mocidade, apostar por unha xestión do lixo diferente, desenvolver políticas de igualdade real, etc...

Queremos polo tanto unha Moraña moderna e viva, da que poidamos sentirnos orgullosos e orgullosas. Se es das persoas que non se conforma e queres un futuro mellor para Moraña, queremos contar coa túa confianza para acadar un Concello de futuro.

Apoiar ao BNG é garantía de que o concello avance.



ACTOS PÚBLICOS

AMIL
12 de maio ás 19:30 h na Casa de Cultura de Amil.
Falan: Raul Ozores, Lucía Silva, Mariña Búa, Rubén Fernández e Marcos Suárez

MORAÑA
16 de maio ás 21:00 h na Casa de Cultura Castelao.
Marina Tilve, Jorge Nuñez, Belén Vieitez, Mariña Búa, Rubén Fernández e Marcos Suárez

ENCONTRO COA MOCIDADE
18 de maio ás 18:00 h no local do BNG.
Mariña Búa, Rubén Fernández, Alberto Oubiña (concelleiro en Pontevedra) e Marcos Suárez

Moraña para vivir

- Centro urbano agradable, ordenado e limpo
- Parroquias nas que vivir a gusto (equipamentos, infraestruturas e servizos de calidade)
- Recuperar a explanada de Mos

Moraña para as persoas

- Atención á mocidade e ás persoas maiores
- Emprego e Igualdade
- Cultura e deporte

Moraña moderna e dinámica

- Ordenación do territorio
- Impulso a procesos de concentración parcelaria
- Colaboración co comercio local
- Posta en valor de recursos patrimoniais e naturais
- Desenvolvemento de solo empresarial

Moraña con máis e mellores servizos públicos

- Servizo de Pediatría
- Equipamentos deportivos e culturais dignos
- Implementación de novas tecnoloxías

Moraña comprometida co medio ambiente

- Aposta pola compostaxe
- Creación dun punto limpo
- Saneamento e limpeza de ríos
- Recuperación do Río Umia e a Pontenova

01. **Marcos Suárez Redondo**. Mos-Saiáns. Candidato á Alcaldía. Enxeñeiro Agrónomo e Enxeñeiro Técnico en Industrias Agrarias e Alimentarias. Funcionario da Xunta de Galiza no Corpo Facultativo de Grao Medio na Escala de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas, con destino na Xefatura Territorial de Medio Rural en Pontevedra.

02. **Rubén Fernández Monteagudo**. Santa Lucía. Mestre de Educación Musical. Presidente da Asociación Cultural Peña Espetados. Secretario Comarcal da CIG Ensino en Compostela. Músico e deportista.

03. **Mariña Búa González**. Santa Lucía. Farmaceútica e en breve rematará o Grado Superior en Nutrición.

04 **Belén Viéitez Ferradáns**. Laxe. Licenciada en Dereito. Master en xénero, igualdade e educación. Traballa actualmente na Deputación de Pontevedra.

05. **Francisco Xabier Acevedo Ferreira**. Paraños–Gargantáns. Traballa nunha industria auxiliar da automoción. Vinculado a movemento obreiro da CIG

06. **Susana Fuentes Gago**. Souto–Lamas. Licenciada en Veterinaria. Fundadora e Tesoureira da Asociación Cultural A Cabana.

07. **Lucía Silva Gago**. Amil.Estudante de Dereito. Vinculada aos movementos feministas e da mocidade.

08. **Manuel Xosé Bugallo Silva**. Santa Lucía. Licenciado en Matemáticas. Profesor de matemáticas en secundaria.

09. **Raúl Ozores Calvo**. Amil. Estudante de psicoloxía.

10. **Marina Tilve Gallego**. Santa Lucía. Estudante de enfermería. Poeta e feminista.

11. **María Teresa de Santiago Campos**. Cubelo–Saiáns. Diplomada en Educación. Mestra de inglés en primaria.

s01. **Diego Antonio Oliveira Aboi**. Calvo -Rebón. Enxeñeiro de Minas. Master en Enxeñería Ambiental. Deportista.

s02. **Mónica Rodríguez García**. Santa Lucía. Vicepresidenta da Banda de Música Nova Lira de Moraña, foi Presidenta da ANPA do CPI Santa Lucía de Moraña e colaboradora da Escola de danza e ballet de Moraña.

s03. **Óscar Santomé García**. Amil. Técnico Superior en xestión e organización de recursos naturais e paisaxísticos. Rematando o Grao en Enxeñaría Forestal

s04. **Xosé Xurxo Nuñez Casal**. Buelo–Saiáns. Enxeñeiro Ténico Industrial en electricidade. Fundador e administrador dunha empresa de proxectos de enxeñería e instalacións de enerxías renovables.

s05. **Belén Giménez Solla**. Alende–Sta Xusta. Diplomada en maxisterio. Mestra do corpo de primaria. Presidenta da Asociación Cultural O Arrieiro.

s06. **Xosé Luis Nuñez Monteagudo**. Santa Lucía. Garda de seguridade.

s07. **Paula Calvo Ruibal**. Calvo–Rebón. Técnica de esteticismo. Traballou no sector da hostelería e do comercio.

s08. **Manuel Sabarís Reboredo**. Santa Lucía. Prexubilado. Foi conductor de autobús en diferentes empresas de transporte de viaxeiros.

s09. **Luis Miguel Cancela González**. Santa Lucía. Carniceiro. Rexenta unha casa de servizos turísticos. Atleta.

s10. **Lourdes Varela Díaz**. Vive en Xenebra (Suiza). Representa aos morañeses e morañesas que viven fóra.